

PROXECTO RÍOS

I ENCONTRO DE VOLUNTARIADO

Virginia Rodríguez, Vocal de Auga de ADEGA



I Encontro do Voluntariado do Proxecto Ríos
Centro Sado - Cultural de Bertamirás (Ames) 26 de novembro 2005

Recepción de asistentes 10:00
Sesión Inaugural 10:30
Director Xeral de Desenvolvemento Sostible
Director Xeral de Xuventude e Solidariedade
Alcalde de Ames
Presidente de Adegas
Coordenadora do Proxecto Ríos

De exposicións: Barlas e o Proxecto Ríos 11:30
Fernando Cobo, Dir. de Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con
Pablo Meira, Prof. Titular de Ciencias da Educación da USC

Proxecto Ríos, Proxecto Ríos e Proxecto Ríos 12:00
Linha rede para moitos ríos
Silvia Gili, Virginia Rodríguez e Clara Rocha
Coordenadoras do Proxecto Ríos en
Cataluña, Galiza e Portugal

Xantar popular 13:30
Presentación de experiencias, 14:00
comunicacións e obradoiros
Alcía Rodríguez 14:30
O Sar Impactos e propostas de futuro
Concello de Ames
Alcalde
Conselloiro Ambiental
Vocal de Adegas e Aso asociado

organiza
colaboran
XUNTA DE GALIZIA
CONCELLO DE AMES
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
CONCELLO DE BERTAMIRÁS
CONCELLO DE OLEIROS
CONCELLO DE VILARMAIOR

Proxecto Ríos é unha iniciativa que pretende fomentar a participación activa da sociedade na conservación e mellora dos ríos
www.proxectorios.org

O día 25 de novembro de 2005 tivo lugar no Concello de Ames o primeiro encontro de voluntariado do Proxecto Ríos, contando coa asistencia duns 50 voluntarios/as. O obxectivo do encontro foi o de presentar o informe anual do estado de saúde dos ríos galegos e, ao tempo, crear un punto de encontro e debate no que compartir os traballos desenvolvidos en cada localidade polos distintos grupos de voluntarios/as.

Na sesión inaugural estiveron presentes Jorge Antonio Santiso Blanco, Secretario Xeral de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rubén Cela, Director Xeral de Xuventude, Carlos Antonio Fernandez Castro, alcalde de Ames, e Xosé Carracedo, ex-concelleiro de medio ambiente e impulsor no concello de Ames como Entidade colaboradora do Proxecto Ríos.

Na sesión da mañá desenvolvéronse dúas conferencias marco. Na Primeira mesa redonda, Fernando Cobo, director da Estación de Hidrobioloxía Encoro do Con, apresetounos as problemáticas dos ecosistemas fluviais (perda da biodiversidade, alteracións de hábitats, introdución de especies foráneas, etc), e Pablo Meira Carrea, profesor de Educación Ambiental da USC, abordou o Proxecto Ríos como unha ferramenta que emprega o voluntariado e a educación ambiental para a superación e achega de solucións aos problemas ligados aos ecosistemas fluviais.

Na segunda mesa redonda da mañá, Silvia Gili -de Projecte Rius Catalunya, Clara Rocha -de Projecto Ríos Portugal, e Virginia Rodríguez -de Proxecto Ríos Galiza, analizaron a implementación dos distintos proxectos e a situación actual de cada un deles. Asimesmo, acordáronse as bases para a creación dunha rede que permita consolidar o contacto permanente entre estes proxectos e mellorar a capacidade do traballo conxunto na promoción e fomento do voluntariado ambiental na defensa e conservación dos ríos.

A sesión da tarde reservouse para a presentación de experiencias por parte dos voluntarios/as do Proxecto Ríos. Os integrantes da Aula de Natureza de Ames presentaron os traballos en torno aos ríos que discorren por este concello; A familia Gonzalez-Avió ensinounos o forte vínculo que os une co río Tea, ao seu paso por Mondariz. Balneario; Gonzalo Blanco, membro de Vai polo Río, mostrou o traba-



llo desa organización no río Gafos; e José Ríos Liñares, membro de Enxeñeiros sen Fronteira, presentounos a inspección que realizaron no río Tambre, e que serviu como nexo de unión para os integrantes da organización. Xa para rematar apresetouse o video que realizou ADEGA-Compostela do Proxecto Ríos, así como a reportaxe que a televisión galega fixo sobre a inspección do CEIP Raina Fabiola de Santiago de Compostela no Río Sar.

Parello a estas sesións, Celestino Varela, de Barcas do Minho, realizou un obradoiro sobre construción de embarcacións tradicionais destinado para os voluntarios/as máis pequenos/as do Proxecto Ríos. Durante as semanas previa e posterior estiveron expostas no centro sociocultural de Milladoiro e Bertamirás dúas exposicións relacionadas co patrimonio cultural, etnográfico e natural dos ecosistemas fluviais.

CAMPAÑA DE PRIMAVERA

A partir do 15 de maio e durante todo o mes de xuño de 2006 terá lugar a Campaña de Primavera, coa que o Proxecto ríos entra no seu segundo ano de andaina. Nesas datas, os grupos de voluntarios/as voltarán a realizar a inspección dos ríos galegos, e novos grupos terán ocasión de sumarse ao proxecto. Previamente, ao longo dos primeiros meses de 2006, haberá actividades de formación e conciencaión tais como charlas, roteiros e experiencias de campo para as persoas e grupos interesados.

Participa e colabora no Proxecto Ríos
Súmate a campaña de outono



Proxecto Ríos
Praza Camilo Díaz Valiño 15 2ºA
15706 Santiago de Compostela
Tfno 650 261283 Fax: 981 570099
info@proxectorios.org
www.proxectorios.org

